

1979



“(...) Halaremos pol-o chicote d’un meridián innumerado ...N’a illa anónima de cada singladura esculcaremos o remorso d’a cidade (...) ...Xuntaremos cadernos en branco d’a novela errante d’o vento ...Pescaremos n-a rede d’os atlas ronseles de Simbad ...E cazaremol-a vela sobre o torso rebelde d’as tormentas pra trincar a escota d’unha ilusión.”

“Intencións”, *De catro a catro* (1928)

# MANUEL ANTONIO

(Rianxo, 1900 – 1930)

Foi un poeta galego, o autor máis representativo das vangardas na nosa lingua. Estudou Náutica en Vigo e fixo as prácticas de piloto a bordo do pailebote Constantino Candieira, experiencia que marcou a súa obra literaria. Tamén colaborou en xornais e revistas coma *Alfar* e *Ronsel*. Estivo comprometido desde moi novo coa causa galeguista e mantivo sempre unha actitude rebelde e rupturista co mundo conservador, na política e na literatura, que consideraba antigo e desfasado.

## GRANDES ÉXITOS



1922

*Máis alá!* é un manifesto vangardista publicado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro en 1922. Nel rompen coa tradición anterior e propoñen a defensa da lingua galega como única ferramenta para a nova corrente nos eidos políticos, literarios e artísticos.

*De catro a catro*, publicado por *Nós* en 1928, é o primeiro poemario creacionista en lingua galega. Escrito a bordo do pailebote Constantino Candieira, o libro consta de 19 poemas que seguen a estrutura dun diario de abordo, mais resolto de maneira rupturista. As imaxes creacionistas, a novidosa disposición gráfica dos versos ou o emprego do léxico técnico dos mariñeiros e dos estranxeirismos conseguen unha peza única para a nosa literatura.



1928

“A mar de Manuel Antonio era unha mar cernemente sentida, por outra banda, unha mar de verdade, revelada por un mariñeiro que tamén era poeta. A súa grande voz axeitou as propias palabras ás fórmulas da vangarda.”

*Historia da literatura galega* (1951), Francisco Fernández del Riego

